

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CLUB NÁUTICO DE SADA PARA A MELLORA DA EFICIENCIA DAS INFRAESTRUTURAS PORTUARIAS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Club Náutico de Sada o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a realización de accións de mellora da eficiencia das infraestruturas portuarias, rehabilitación de infraestruturas e a dixitalización de recursos para optimizar a experiencia do visitante náutico a Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Asociación Club Náutico de Sada é unha sociedade deportiva sen ánimo de lucro, que ten como obxecto o fomento e a practica de actividades deportivas náuticas que é titular e administra unha concesión de dominio público. Constituído en 1991, foi promotor e protagonista desde a súa fundación, dos episodios náutico-deportivos na



cidade de Sada e dentro desta historia, significando a pertenza do porto de Sada -xunto cos outros dezasete concellos litorais, entre O Ferrol e a Coruña- ao que se denomina "La recalada del Camino Inglés de Santiago "

En 2006 recibe a concesión da explotación do porto de Sada hasta 2036. Posteriormente, en 2020, o protocolo concesional que expiraba en 2036 foi ampliado 12 anos ata o 2048. O título concesional comprende:

-313 puntos de amarre. Nunha lámina de auga concedida de 26.846 m2.

-Unha Mariña seca cun espazo de varada de 2.200 m2, equipada con estación de servizo de combustibles, depuración de augas residuais e guindastre pórtico tipo Travelift, de 50 Tm.

-Un edificio singular de 475 m2. que se rehabilitou dentro do proxecto utilizándose para oficinas, aulas, baños, aseos, despachos de billetes, salón social para tránsitos e restaurante cafetería aberto ao público en xeral.

Terceiro.- O turismo náutico en Galicia tivo un crecemento considerable na última década coa posta en marcha de gran número de instalacións náutico deportivas, os clubs náuticos contribuíron en gran medida ao achegar a náutica aos cidadáns, a unha mellora constante das súas instalacións conseguindo a "Q" de calidade turística na gran maioría dos seus portos, así como certificacións de medioambiente (ISO 14001 e EMAS) e a certificación Galicia Calidade, ao esforzo na organización de eventos e competicións náuticas de nivel internacional e a súa contribución na formación de mozas nas escolas de vela. Aínda así o potencial de crecemento é importante xa que estamos lonxe aínda de alcanzar os niveis dos países europeos a pesar de ter unha costa con augas interiores con capacidade de practicar o turismo e os deportes náuticos todo o ano.

Ligada ao turismo náutico, a práctica deportiva está cada día máis presente no estilo de vida da poboación e, á súa vez, forma parte da dinamización turística. A costa galega é un destino ideal para a práctica de deportes náuticos, destacando entre eles a vela. Este deporte é de significativa importancia na comunidade porque require dunhas condicións naturais que dispón o litoral galego.

Cuarto.- Este proxecto ten como obxectivo acometer un plan integral de rehabilitación, mantemento, modernización e dixitalización das instalacións portuarias, moitas das cales presentan signos de obsolescencia tras máis de dezasete anos de uso continuo nunha contorna marítima altamente esixente.

Con estas actuacións búscase:

- Mellorar a calidade e seguridade dos servizos ofrecidos a socios e visitantes.



- Aumentar a eficiencia enerxética e reducir a pegada ambiental das instalacións.
- Impulsar a accesibilidade universal.
- Dixitalizar procesos para facilitar a xestión e atención ao usuario.
- Potenciar o atractivo turístico de Sada como destino náutico.

As instalacións náutico-deportivas son as portas de entrada para dar a coñecer Galicia o navegante. Unha mala calidade, xestión, ou infraestruturas, pode levar un impacto negativo

Concretamente se pretende:

- A Rehabilitación e mantemento de infraestruturas
 - o Pavimentación de pantaláns e pasarelas: Existen deficiencias de firme e desgaste xeneralizado en zonas de tránsito peonil que requiren renovación para garantir a seguridade de usuarios e persoal técnico.
 - o Mantemento estrutural das instalacións flotantes: Precísase unha revisión e reparación dos sistemas de fondeo, defensas e elementos de fixación pilotaxe
- A Mellora da eficiencia enerxética
 - o Instalación de contadores de auga y electricidade para transmisión inalámbrica de lecturas ao servidor central
- A Dixitalización e modernización tecnolóxica
 - o Instalación de sensores e cámaras de control en pantaláns para mellorar a seguridade e o control de accesos.
 - o Mellora da conectividade mediante a implantación dunha rede Wi-fi de alta velocidade para usuarios e persoal do Club.

A través deste convenio, outórgase á Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería da Coruña unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinto.- A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 recolle na misión 1. Galicia, destino auténtico e diferencial, a medida estratéxica 1.5 Litoral: patrimonio, cultura e turismo náutico.

Esta acción busca consolidar Galicia como un referente internacional en turismo costeiro e náutico, revalorizando o litoral non só como un atractivo turístico, senón como un espazo vivo onde coexisten as comunidades locais, a súa identidade cultural, as



actividades tradicionais e a innovación turística. Aspírase a xerar unha oferta turística integradora, na que as experiencias no mar se vinculen de maneira orgánica á natureza, a gastronomía, o deporte e a cultura, todo iso baixo un enfoque de sustentabilidade e conservación do medio ambiente.

A través do desenvolvemento do turismo náutico e costeiro, Galicia ten a oportunidade de diversificar a súa oferta turística, atraendo a segmentos de mercado de maior poder adquisitivo e estendendo a tempada turística mais aló do verán. Así, as condicións climáticas relativamente suaves de Galicia permiten a práctica de deportes náuticos durante gran parte do ano, mentres que a beleza das súas paisaxes e a tranquilidade dos seus pobos costeiros ofrecen un atractivo especial para turistas en busca de experiencias fóra das tempadas de alta ocupación

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

